





RÍO AVIA EN AVIÓN

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 20 km (en coche e a pé)
Dificultade: baixa
Duración: 2 horas



Vista da aba leste do Suído nas cabeceiras do Avia.



1-Rego de Riobó

Un afluente do rego das Fragas, nas proximidades de Mouriscados (Abelenda-Avión). Forma varios saltos nun terreo de difícil acceso. Pódese ver desde o camiño que sube á ferverza das Fragas.

O río Avia fórmase con un bo número de regatos que baixan da aba leste da serra do Suído en terras do concello de Avión e, despois de percorrer as terras do Ribeiro, xúntase co Miño en Ribadavia. Os cumes da serra do Suído acumulan gran cantidade de precipitacións que enchoupan as brañas e turbeiras da parte alta e van drenando lentamente cara aos ríos que se forman nas súas abas e descenden por terreos de moita pendente dando lugar a numerosos saltos, ferverzas ou rápidos.

Nesta ruta propoñemos un percorrido polos regos cabeceiros do Avia para gozar da auga que cae. Un percorrido circular duns 20 km desde a capital do concello de Avión e pequenas camiñadas.

COMO CHEGAR:

Saímos desde O Igrexario (Avión) en dirección a Beariz e a uns 3 km collemos, á esquerda, o cruce a Abelenda, pasamos a localidade e continuamos en dirección a Mouriscados; 900 m despois, antes de cruzar a ponte do río vaise por detrás do Centro Social seguindo polo monte con coidado ata chegar a ver a ferverza do **Rego de Riobó** (uns 400 m ida e volta). Seguimos pola estrada uns 450 m ata a Boeixos. Xusto na entrada, antes das primeiras casas hai un cartel coa ruta indicada. Deixamos o coche e subimos ata a primeira casa da dereita, e por diante dela subimos e seguimos o camiño ata uns muíños; alí sóbese á esquerda para coller a pista de arriba que segue a levada ata o pé da ferverza no **rego das Fragas** (1,5 km ida e volta).




2-Rego das Fragas

Nace na vertente oriental da Serra do Suído, debaixo do Coto Puza. Nas proximidades de Boeixos (Abelenda-Avión) forma unha fermosa ferverza de 60 m en varios saltos cunha gran escorregadeira. A zona está acondicionada cunha área de lecer.



Rego das Fragas



3-Fervenzas de Rodeiro

Nun rego afluente do Baluga que cae do Suído nun forte desnivel no que hai dúas caídas de gran altura, unha de case cen metros e outra de máis de 50.



4-Pozo Negro

No río Cubela ou Valdeiras, que nace entre as serras do Suído e o Faro de Avión, no lugar de Cernadas. O río forma un estreito e fondo canón no que hai varios saltos e rápidos. O máis importante é o que cae no Pozo Negro.